

1. Teño tres estreguiñas  
Teño tres estreguiñas  
teño que arrestelar, *mira Pepe*  
teño que arrestelar.
2. Qu’ o restelo está romo  
qu’ o restelo está romo  
non quere arrestelar, *mira Pepe*  
non quere arrestelar.
3. I eu perdérache o pano  
i eu perdérache o pano  
i o rabo del tamén, *mira Pepe*  
rabo de[] tamén.
4. I eu perdérache a blusa  
i eu perdera a blusa  
i os [tutumáticos?] tamén, *mira Pepe*  
i os corchetes tamén.
5. I eu perdera las faldas  
i eu perdera las faldas  
i a cintura tamén, *mira Pepe*  
i a cintura tamén.
6. Non os perderas, nena  
non os perderas, nena  
que eu non son almacén, *mira Pepe*  
que eu non son almacén.



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades